



BANDO

D. MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES, Alcalde do Concello de Pontevedra

FAI SABER:

Número de expediente:2021/BANDO/000001

DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE ACORDA O PECHE AO TRÁFICO DA CIRCULACIÓN RODADA PARCIAL DA RÚA DE ALFONSO XIII

1.- O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión da COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública, que afecta todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións nacionais, estatais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e a loita contra a pandemia.

Entre as obrigas adoptadas polas diferentes administracións figura o deber de cautela e protección de cada un e cada unha dos e das cidadáns e cidadás. Así se recolle, entre outra normativa, no artigo 4 do *Real decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19* e no *Acordo do Consello da Xunta de Galiza do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria provocada pola COVID-19*:

1.1. Obrigas de cautela e protección. Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Asemade, este acordo indica:

1.2. Distancia de seguridade interpersonal. Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria. A obriga de uso de máscara será exixible salvo nos supostos previstos no artigo 6.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño.

2.- A Xunta de Galiza publicou a *Resolución conxunta, do 4 de novembro de 2020, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba a actualización do "Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020- 2021"* e pola que se aproba o *Protocolo de actividades extraescolares en centros educativos non universitarios*.

No devandito protocolo recóllese a seguinte alínea:

20. Medidas específicas para os recreos

20.1. Os equipos directivos establecerán o aforo posible de cada un dos posibles espazos que sexan susceptibles de utilizar como espazos de recreo, podendo incluír, de ser o caso, ximnasia, pistas cubertas ou polideportivos. Na medida do posible limitaranse espazos para que un grupo de 30 alumnos poida estar distanciados, con carácter xeral, polo menos 1,5 metros, independizando espazos do mesmo aforo.

20.2. Dentro das medidas posibles a adoptar pola dirección do centro, atendendo a idades e peculiaridades do alumnado incluírase, de ser o caso, a redución da duración dos





recreos ou a realización de recreos en aula, aínda que se priorizará a realización no exterior. Na medida do posible nos espazos dedicados a recreos marcaranse no chan sinalización que lembre as distancias de seguridade.

- 20.3. *Unha vez calculado o aforo e a dispoñibilidade de espazos así como as necesidades dos grupos do centro realizárase unha proposta de “horas de recreo” e “grupos en recreo” que permita organizar non só a distribución do alumnado senón tamén as entradas e saídas nas aulas para minimizar concentracións elevadas de alumnado en corredores e escaleiras.*
- 20.4. *Durante o período de aplicación destas instrucións, e con carácter excepcional, poderán establecerse agrupacións de cursos e modificacións de horarios que permitan incrementar a seguridade nas relacións sociais e se teña en consideración o grupo estable de convivencia. A nova organización da distribucións de recreos, horarios e do profesorado asignado ao mesmo documentárase no “Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2020/2021” para poñela a disposición, de ser o caso, da inspección educativa.*
- 20.5. *No período de recreo extremarase a vixilancia do alumnado reforzando, se fose preciso, a presenza de profesorado. Do mesmo xeito o equipo directivo poderá prohibir o uso de elementos comúns de xogo ou a utilización de obxectos e xoguetes que poidan ser compartidos.*

3.- A rúa de Alfonso XIII dá acceso a dous centros educativos, o CEIP Froebel e o Colexio A Nosa Señora das Dores, que deberon organizar os seus recreos segundo as normas indicadas no punto anterior, do cal resultou que os seus patios non teñan capacidade abonda para acoller a todo o alumnado e algúns grupos de nenos e nenas teñen que realizar os períodos de descanso dentro da aula e sentados en cadansúa mesa, con todas as implicacións negativas na súa formación e no seu desenvolvemento físico, afectivo e educacional.

4.- A “Ordenanza reguladora da mobilidade amábel e da utilización dos espazos públicos no Concello de Pontevedra”, aprobada polo Pleno do Concello de Pontevedra na sesión que tivo lugar o 21 de setembro de 2020 (texto publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 190, do 1 de outubro de 2020), indica no seu artigo 4:

“Artigo 4.- Competencias municipais: autoridade municipal competente, axentes da policía local e servizos técnicos:

1. *Corresponde á Alcaldía ou Concelleira/o do goberno no que delegue, de selo caso, co debido asesoramento dos servizos técnicos e de mobilidade municipais, as competencias que lle outorga ao Concello a normativa de réxime local e a específica de tráfico así como as de desenvolvemento desta disposición xeral, como autoridade municipal competente nas materias de ordenación dos espazos públicos, mobilidade, circulación e ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, estacionamento de vehículos, xefatura da policía local ou transporte colectivo urbano, para o que poderá desenvolver as seguintes atribucións:*

- a) *Ordenar o peche á circulación rodada, parcial ou total, con carácter provisorio ou definitivo, daquelas rúas e espazos que se estimen oportunos. As prohibicións de circulación de carácter total, permanente e/ou definitivo, adoptaranse previa consulta facultativa aos servizos técnicos de mobilidade e, de selo caso, publicitaranse mediante o correspondente Bando. “*

En relación á referida potestade ou habilitación, que xa figuraba na anterior Ordenanza municipal de circulación, do ano 1989, cómpre traer a colación tamén o disposto no artigo 103.3 d) da normativa do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Xa que logo e polos motivos expostos, esta **Concellería de Goberno da Área de Obras Urbanas e Transporte** propón a adopción de todas as medidas necesarias para ordenar un uso do espazo público adxacente que garanta á comunidade educativa do CEIP Froebel e do colexio A Nosa Señora das Dores, a dispoñibilidade de espazo axeitado para o desenvolvemento dos recreos, consonte coa normativa conxunta das Consellarías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade, de xeito que se garanta a seguranza e a saúde das comunidades educativas e se poida manter o





distanciamento social e atender ao deber individual de cautela e protección, polo que esta Alcaldía, de conformidade coa proposta formulada, **resolve**:

- a.- Ordenar o peche ao tráfico rodado, por tempo indefinido, da rúa de Alfonso XIII, agás para os residentes e para o tráfico de servizos.
- b.- Ordenar que ese peche indefinido sexa para todo o tráfico rodado, sen excepción, entre as 11:30 horas e as 12:15 horas.
- c.- Remitir a presente orde á Policía Local e á Dirección Xeral da Área de Mobilidade, coa finalidade de que se execute o ordenado e se poidan propor medidas adicionais para acadar o obxectivo proposto, así coma ao gabinete de prensa, para a súa difusión á cidadanía e publicación por medio do correspondente Bando.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

